

O BERRO. Edvard Munch, 1893. Encádrase dentro da obra "o Friso da Vida". Galería Nacional de Oslo. Técnica. Técnica mixta de óleo e pastel sobre cartón



O cadro presenta unha escena cunha figura principal en primeiro termo e centrada, con dúas figuras avanzando no fondo. As figuras sitúanse no lado esquerdo do cadro, mentres que o lado dereito é ocupada por unha paisaxe. Hai unha forte contraposición entre as liñas rectas (diagonais) da zona esquerda e as ondulaciones constantes da dereita. Tanto unhas como outras dinamizan a representación, facendo moverse ao ollo constantemente por toda a superficie do lenzo. A paisaxe do lado dereito non é tal, xa que ceo, auga e terra derrétense nun conglomerado de trazos ondulantes e cores estridentes. As figuras do fondo están só insinuadas, a súa configuración formal queda esvaecida, acentuando así o misterio da escena, é posible interpretalas en contraste coa figura principal como testemuñas mudas, ignorantes da angustia da figura principal.

A figura centrada no primeiro plano situase de fronte ao espectador e defínese máis claramente. É sen dúbida o xesto o que chama a atención, o berro da natureza provoca tensión e pánico. Todas as liñas semellan converxer ata ese centro da cabeza que berra, que se deforma ata converterse nunha caricatura. A figura está deformada polo terror e a angustia, que destrúe totalmente a anatomía ata convertela nunha especie de caveira. Neste berro profundo toda a natureza se distorsiona coma un eco que coas súas ondas expande o tremor por todas partes ó seu redor, as liñas semellan cobrar vida por medio deses trazos enormes e convulsos que recordan as liña sinuosas e torturadas de Van Gogh.

Existe, igual que nas formas, unha contraposición entre as gamas cálidas e frías que contrastan entre si. As cores son estridentes e arbitrarias: azuis, laranxas, vermellos. En calquera caso son cores arbitrarias, antinaturalistas, o mesmo que a luz, non hai un foco determinado nin emprego de sombras e claroscuro. Así pois compositivamente hai dúas partes ben diferenciadas separadas pola varanda. Un lado esquerdo coas figuras e a construción onde dominan os trazos diagonais e as cores frías, e un lado dereito coa natureza -o fiordo e uns barcos- na que dominan as ondulacións en gamas cálidas contrapostas ó redor da lingua escura do fiordo. Tanto unhas liñas como as

outras outorgan forte dinamismo ó conxunto. Ambas partes quedan unificadas polas linguas de lume que configuran o ceo.

Nunhas notas de 1886 escritas polo autor en Niza, Munch lembra a situación que daría orixe ao cadro: “Ía camiñando con dous amigos polo paseo o sol poñíase - o ceo volveuse de súpeto vermello - eu páreme - canso apóieme nunha varanda - sobre a cidade e o fiordo escuro azul non vía senón sangue e linguas de lume - os meus amigos continuaban a súa marcha e eu seguía detido no mesmo lugar tremendo de medo - e sentía que un alarido infinito penetraba toda a natureza”. [5]

Tendo isto en conta é certo que non podemos ter a certeza do que quixo expresar a través do Berro, pero considerando os aspectos anteriores, o berro que Munch dirixe á cidade non só transmite unha angustia persoal do pintor senón ademais una certa incompreensión e crítica cara á nova forma de organización socioeconómica da época. A influencia que tivo o Berro e a obra de Munch en xeral, sobre o expresionismo alemán, foi moi intensa, co que se considera un dos pais do estilo expresionista.